

AlgoEntreNós

# Unidade didáctica reto n.º 4

## **BAILANDO AS EMOCIONS**





## **Contidos**

AtalaiAS e Arabías S.Coop.Galega

## **Deseño e maquetaxe**

Redeiras.net

## **Impulsa e financia**

Secretaría Xeral de Igualdade. Consellería de Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia.

Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Financiado con cargo ao crédito recibido do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Secretaría Xeral da Igualdade



**Pacto de Estado**  
contra a violencia de xénero



## [0] Índice

<b>[1] Introducción .....</b>	<b>4</b>
<b>[2] Marco teórico de referencia .....</b>	<b>5</b>
<b>[3] Obxectivos e contidos a traballar .....</b>	<b>8</b>
<b>[4] Pautas do reto .....</b>	<b>9</b>
<b>[5] Desenvolvemento.....</b>	<b>11</b>
<b>[6] Notas para resolver situacións frecuentes .....</b>	<b>13</b>
<b>[7] Pon o foco .....</b>	<b>15</b>



## [1] Introducción

A unidade didáctica 4 está pensada para traballar sobre as relacións interpersoais que establecemos a nivel afectivo e sexual e como están socialmente estruturadas. Cando comezamos un vínculo amoroso, aínda que sexa a nosa primeira vez, non partimos de cero, pois acompañannos expectativas e ideas preconcebidas.

A música é un potente axente de socialización, e a través dela preséntansenos roles sexuais que, as máis das veces, ofrecen unha mirada desigual entre os xéneros e mesmo reproducen conductas violentas cara ás mulleres e nenas. Durante o reto propoñeremos un espazo para reflexionar sobre a influencia que a música que escoitamos ten sobre a nosa maneira de vivir as relacións sexoafectivas, indagando acerca de referentes que ofrezan unha perspectiva baseada no respecto e na igualdade.



## [2] Marco teórico de referencia

Afondar no concepto de **cultura afectivo-sexual** implica necesariamente analizar as relacións afectivas e sexuais, que á súa vez tamén deben entenderse dentro do contexto social en que están inscritas. Neste sentido, as relacións afectivo-sexuais non se poden interpretar como acontecementos illados, senón como parte da sociedade onde se producen. Segundo María José Urruzola (1999)<sup>1</sup>, **o contexto das relacións afectivo-sexuais é o resultado dunha organización social estruturalmente sexista e xerárquica**, o cal dá como resultado unha forma de entendela afastada de patróns relacionados co botrato, o respecto e o benestar.

Pola contra, a sexualidade, na sociedade en que vivimos, caracterízase pola heteronormatividade, a desvalorización do mundo dos afectos, a busca do orgasmo como principal propósito dunha relación sexual, a redución da sexualidade a unha franxa de idade concreta —que no caso das mulleres adoita coincidir coa súa etapa reprodutiva—, a colonización do corpo das mulleres e, finalmente, a normalización da violencia sexual.

Dentro deste contexto sexista e xerárquico ten lugar a socialización da sexualidade que, como o resto das facetas da vida, está impregnada por unha posición desigual do rol que se agarda das mulleres e homes: as mulleres máis socializadas cara ao papel “pasivo” e os homes cara ao papel “activo” ou, noutras palabras, as mulleres máis orientadas cara ao amor e os homes cara ao sexo. É coma se as mulleres e os homes falasen idiomas distintos en termos de sexualidade, o que leva ao establecemento de roles e praceres diferentes. Malia os avances, seguimos falando dun modelo de relacións afectivas e sexuais baseada na xerarquía dun xénero, o masculino, sobre outro, o feminino, o que dá lugar a situacións de violencia sexual, unha forma máis de violencia machista.

A **normalización da violencia sexual**, que podemos ver a través do humor, da cousificación do corpo das mulleres na publicidade ou nos medios de comunicación ou

---

<sup>1</sup> Urruzola, María José (1999). *Educación de las relaciones afectivas y sexuales desde la filosofía coeducadora*. Bilbao: Maite Canal Editora.



## RETO 4

dos mal chamados “piropos”, naturaliza unha forma de relación onde o home, socializado e apoderado a través do desexo sexual constante, ten un poder sobre o corpo das mulleres, socializadas en non falar do seu desexo sexual, xa que é visto como algo negativo. Esta realidade fai que se dean relacións sexuais de poder.

Outra forma de violencia sexual atopámola no **consumo de pornografía**<sup>2</sup> que promove unha visión superficial e irreal do sexo, ignorando por completo a ameaza de embarazos non desexados ou as enfermidades de transmisión xenital, ao mesmo tempo que expón as relacións sexuais como impersoais e moitas veces sen consentimento, degradando o papel das mulleres a *putas, babosas, zorras, tetonas...*

O grupo de Investigación de Familia e Infancia, da profesora Carmen Orte e Lluís Ballester (2019)<sup>3</sup> da Universidade de Illes Balears realizou un estudo con rapaces e rapazas de entre 16 e 29 anos e chegou á seguinte conclusión:

*“Un dos riscos relacionados coa pornografía é o consumo de prostitución feminina, tendo como destinatarios prioritarios os homes. Por tanto, afóndase nun modelo de sexualidade cisheteropatriarcal, coherente coa dominación masculina característica do patriarcado. O perfil dos grandes consumidores de pornografía tamén son os rapaces. A novidade é que sabemos que o inicio do consumo de pornografía se produce, con toda seguridade, a idades moi temperás (antes dos 16 anos), co cal, desde moi novos, reciben impactos distorsionadores da percepción das relacións interpersoais”.*

Como ben apuntou Carmen Ruiz (2017)<sup>4</sup>, esta socialización afectivo-sexual leva a unha construción social das fantasías sexuais moi marcada pola desigualdade: os rapaces dirixen as súas fantasías sexuais cara a prácticas que visualizan na pornografía —como a penetración anal, o *bukkake* ou ter orxías con rapazas moi diversas (principalmente actrices porno)—, mentres que as rapazas están máis

<sup>2</sup> Morales, Nicolás (2019). *La pornografía y la falta de educación sexual crean agresores sexuales adolescentes*. Disponible en: <https://www.losreplicantes.com/articulos/pornografia-falta-educacion-sexual-agresores-sexuales-adolescentes/> [Última revisión: 18 de marzo de 2021].

<sup>3</sup> Ballester, Lluís; Orte, Carmen e Pozo, Rosario (2019). *Red Jóvenes e Inclusión*. Barcelona: Octaedro. Colección Horizontes-Educación.

<sup>4</sup> Ruiz-Repullo, Carmen (2017). *La violencia sexual en adolescentes de Granada*. Granada: Ayuntamiento de Granada.



#### RETO 4

inclinadas cara ás prácticas afectivo-sexuais en diferentes lugares —praia, *jacuzzi*, vestiarios, baños de discoteca...—, pero case sempre no marco dunha relación de parella.

Todo isto podémolo ver representado nas películas, videoclips ou letras de cancións que narran o que acontece entre unha muller e un home. Estes produtos crean modelos de ser muller e home en relación e, na maioría dos casos, reproducen modelos impregnados de machismo e violencia cara ás mulleres.



### [3] Obxectivos e contidos a traballar

#### Obxectivo xeral

Desenvolver o coñecemento da sociedade en que vivimos a nivel afectivo-sexual.

#### Obxectivos específicos

##### PROFESORADO

- ▶ Analizar os roles sexuais na música.
- ▶ Fomentar unha actitude crítica cara ás cancións que fomenten formas de violencia machista.

##### ALUMNADO

- ▶ Discutir sobre a influencia das cancións nas nosas relacións de parella.
- ▶ Reflexionar sobre as emocións e as condutas que nos provocan determinadas mensaxes das cancións e videoclips musicais.

#### Que contidos imos abordar?

- ▶ Sexualidade, sexo e parella.
- ▶ Música como axente de socialización.





## [4] Pautas do reto

Para o desenvolvemento do reto 4 de *AlgoEntreNós* propoñemos os seguintes pasos metodolóxicos:

### ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO RETO NA AULA

- ▶ Lectura e preparación da unidade didáctica 4.
- ▶ Familiarización cos materiais facilitados no espazo do reto 4.
- ▶ Se existen dúbidas sobre a posta en funcionamento do reto ou sobre calquera elemento da proposta didáctica, contacta co equipo docente.

### DURANTE O DESENVOLVEMENTO DO RETO NA AULA – 50 minutos

*Para o desenvolvemento do reto precisas ter ordenador e conexión a internet.*

O teu labor será o de coordinar, dinamizar e supervisar o traballo proposto así como dinamizar o grupo aula. O esquema a seguir para facelo será:

1. **Proxecta o web** de *AlgoEntreNós* na pantalla da aula e **vai á lapela do reto 4**.
2. **Reproduce o vídeo de presentación** do reto 4.
3. **Dinamiza a actividade prevista** para a interiorización de conceptos a través da práctica. Neste caso, divide ao alumnado **en parellas para que pensen e elixan dúas cancións para a velada, unha para ELA\* (avatar feminino) e unha para EL\* (avatar masculino)**. Unha vez elixidas as dúas cancións, deberán **responder unhas preguntas** que atoparás no material específico:

- ✓ **Póster coas preguntas** a responder en parella (tes tamén o **recurso de apoio “Baile de emocións”** para que a rapazada teña referencias).

A actividade finalizará coa **posta en común en gran grupo** do traballo realizado en parellas onde se reflexionará sobre varias premisas que atoparás no material específico:

- ✓ **Presentación coas premisas a traballar en gran grupo** (no caso de que as precisas para dinamizar a posta en común).



## RETO 4

- Finalizada a actividade, **reproduce o vídeo do reto 4** onde explicamos o que hai que facer para superar o reto.
- Axuda ao alumnado a **completar o seu reto!** Neste caso deberán **buscar cancións libres de violencias machistas** e **seleccionar unha que represente á aula e pase o test proposto.**

✓ Contas co documento do **test música** como apoio.

### PARA REMATAR E SUPERAR O RETO

- ▶ Pulsa no botón **“Ver formulario do reto”**. Ao facelo, accederás a un novo apartado no que hai un formulario para que compartas o traballo feito polo alumnado. A información que deberás compartir é a seguinte:
  - **Canción libre de violencia machista** elixida polo grupo.
    - Nome da canción
    - Nome do grupo, autor/a
    - Enlace ao vídeo clip.
  - Sobre o formulario do reto
    - Pulsa no enlace ao formulario de avaliación para responder.
- ▶ Unha vez feito, **pulsa no botón COMPLETAR E ENVIAR**. Tamén podes restablecer o formulario (se hai algún erro e prefires cubrir de novo os diferentes apartados) ou gardar as respostas e envialas noutro momento.
- ▶ Cando envíes a información, desbloquearase e abrirase o seguinte reto e poderás ver no cadro resumo o avance no programa.
- ▶ Cando o equipo revise a información, poderás acceder aos documentos na **Caixa de almacenaxe**.



## [5] Desenvolvemento

### ORGANIZACIÓN DO RETO

O traballo na aula disporase en parellas. Para este reto será necesario que o alumnado poida acceder a internet (a través de ordenador, tableta ou móbil).

### DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Dividiremos o alumnado por parellas. Cada unha deberá escoller dúas cancións no nome dos avatares da nosa historia:

- a) Unha canción que \*ELA escollería para a velada, tendo en conta como se pode sentir despois do acontecido no reto anterior.
- b) Unha canción que \*EL escollería para a velada, tendo en conta como se pode sentir despois do acontecido no reto anterior.

Unha vez escollida a música, pedímoslles que respondan as seguintes preguntas:

- ▶ De que trata a canción?
- ▶ Que sentimentos che provoca a letra da canción?
- ▶ Hai algún tipo de violencia?
- ▶ Se hai protagonistas, como as describirías?

Seguidamente facemos a posta en común con todos os grupos; se é posible, dispoñemos a aula en círculo e reflexionamos acerca destas premisas:

- ▶ De que temas tratan as cancións analizadas? Cantas cancións tratan de amor? E de relacións afectivo-sexuais?
- ▶ Hai algunha canción que fale de persoas diversas?
- ▶ Reproducen algún tipo de violencia? Cal?
- ▶ Como inflúen estas cancións á hora de crear estereotipos ou á hora de namorar?
- ▶ E os videoclips desas cancións? Que modelos de ser home ou muller representan? Hai sexismo?



## **DESENVOLVEMENTO DO RETO**

### → **Subir unha canción libre de violencias machistas.**

Para superar este reto, o alumnado, despois de reflexionar sobre o tipo de cancións que falan sobre ligar ou relacións afectivo sexuais, deberá buscar novos referentes.

Deberás elixir a mellor forma de facelo:

1. En pequenos grupos, de xeito que busquen ou decidan que cancións axudan a crear outras formas de amar. Despois farase a posta en común.
2. En gran grupo a partir dun *brainstorming* que despois se pode comprobar visionando co canción para toda a aula.

De entre todas as cancións sinaladas polo alumnado, o gran grupo deberá seleccionar a canción libre de violencias machistas que represente a súa clase.

A canción escollida deberá **superar o seguinte test**. Superalo significa que **a canción elixida deberá cumprir canda menos dous dos seguintes tres requisitos:**

- ▶ A letra da canción fomenta o amor e a amizade baseado no respecto entre a(s) protagonista(s)?
- ▶ Expresa ou comunica valores positivos (liberdade, empatía, tolerancia, ..)?
- ▶ Deixa lugar a imaxinarnos outros modelos de relacións que non sexa home/muller?

Para **completar o reto**, deberás pulsar no botón “Ver formulario do reto”. Ao facelo, accederás a un novo apartado no que hai un formulario para que compartas o traballo feito polo alumnado. A información que deberás compartir é a Canción libre de violencia machista elixida polo grupo indicando os seguintes datos:

- ▶ Nome da canción
- ▶ Nome do grupo, autor/a
- ▶ Enlace ao videoclip.



## [6] Notas para resolver situacións frecuentes

Durante o desenvolvemento do reto é posible que xurdan dúbidas e comentarios que nos poñan nunha situación algo complicada. Na nosa experiencia impartindo obradoiros en aulas de secundaria, o alumnado en moitas ocasións ofrece reflexións ben interesantes e innovadoras; outras veces reproduce mitos e falacias que debemos desmontar.

A continuación presentamos situacións que poden darse durante o desenvolvemento do **reto 4** e algúns consellos para un bo desenvolvemento do traballo na aula:

### **POSIBLES INTERVENCIONES DE RÉPLICA E RESPONSTAS XUSTIFICADAS**

*O reggaetón non é machista, é o que nos gusta.*

**RESPONSTA:** En todos os estilos musicais podemos atopar exemplos de cancións que reproducen a violencia machista contra as mulleres. Tamén en todos os estilos musicais podemos atopar letras que non reproducen a violencia machista. Somos nós quen decidimos o tipo de música que escoitamos e os valores que nos gusta que represente. En todo caso, o reggaetón comercial e de masas que chega ás nosas radios é profundamente machista. E se buscamos outro tipo de reggaetón?

*As rapazas dos videoclips están porque queren, será que lles gusta que miren para elas.*

**RESPONSTA:** Os videoclips son representacións, é dicir, son mulleres que están representando un papel que está determinado por quen dirixe ese vídeo. Non debemos pensar que todo o que sae nos produtos audiovisuais é real.

#### RETO 4



*Non creo que porque as rapazas leven menos roupa os videoclips xa sexan sexistas*

**RESPOSTA:** Debemos reparar en que, para a realización deses vídeos, se escollen mulleres que compren co modelo de “muller atractiva” que temos na sociedade. De feito, ao escoitarmos a canción, no noso imaxinario visualizamos un prototipo de muller en actitude provocativa porque é o que se mostra: un único modelo de beleza que dista moito do común, porque no audiovisual non todo é natural. O feito de que as mulleres leven menos roupa favorece esa actitude provocativa que despois confundimos nas rúas cando unha rapaza leva un top ou unha saia curta.



## [7] Pon o foco

Convidámoste a poñer o foco durante o desenvolvemento deste reto analizando o comportamento do grupo desde un enfoque de xénero. Trátase de ter en conta o que fai o alumnado:

- ▶ Observa o tipo de cancións que escolleron para \*ELA e se reproduce estereotipos e roles de xénero.
- ▶ Observa o tipo de cancións que escolleron para \*EL e se reproduce estereotipos e roles de xénero.
- ▶ Reflexiona sobre o tipo de cancións que decidiron as rapazas da clase.
- ▶ Reflexiona sobre o tipo de cancións que decidiron os rapaces da clase.
- ▶ As cancións escollidas respectan a diversidade?
- ▶ Ten en conta como se relacionan nas intervencións grupais e na proposta de ideas para realizar o reto: como se organizan? Escoitán? Como son as negociacións? Quen fala máis? Quen propón máis ideas? Quen se implica máis na tarefa? Respectan a diversidade da aula?
- ▶ Quen toma as decisións finais? (maior peso das opinións dos rapaces, das rapazas...).
- ▶ Observa se existen bromas ou comentarios machistas no transcurso da actividade. Quen as fai? Como responden a eles no caso de producirse?